



**ORDENANZA 3.12**  
**TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL**

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e consonte ó disposto nos artigos 15 e 20.4 p) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa de cemiterio municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexistativo.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúeo a prestación dos servicios de cemiterio municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos; permisos de construcción de panteóns ou sepulturas; ocupación dos mesmos; redución, incineración; movemento e colocación de campas; reixas e adornos, conservación dos espazos destinados ós defuntos e calquera outros que, consonte ó previsto no Regulamento de Policía Sanitaria mortuoria sexan procedentes ou se autoricen por instancia de parte.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa os solicitantes ós que se lles conceda ou autorice a prestación do servizo e, en calquera caso, os titulares da autorización concedida.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### Artigo 5º. Cota tributaria

Determinarásese por aplicación das seguintes tarifas:

1. Concesións de terreo, para construción de mausoleos, criptas e panteóns, por **596,00 €**
2. Concesión de nichos por 99 anos:  
Primeira clase **779,10 €**  
Segunda clase **739,40 €**
3. Concesións de nichos cinerarios por 99 anos **141,20 €**
4. Concesións de sepulturas por 99 anos **229,00 €**
5. Aluguer de nichos segunda clase:  
Ocupación polos cinco primeiros anos **26,50 €**  
Prórroga anual de aluguer que exceda de cinco anos **26,50 €**
6. Construción de mausoleos, panteóns, criptas sepulturas baixo terra.  
Por permiso e m<sup>2</sup> ou fracción de superficie  
delimitada por perímetro de zócolo **35,10 €**

#### Artigo 6º. Exencións e bonificacións

Establécese a exención de pagamento para as inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 7º. Obriga de contribuír

A taxa devengarase no intre de solicita-la prestación dos servizos suxeitos a gravame.

Artigo 8º. Normas de xestión

1. A prestación de servizos obxecto desta taxa levarase a cabo a pedimento da parte interesada, mediante solicitude presentada no rexistro xeral acompañando xustificante de ingreso da autoliquidación da taxa regulada nesta Ordenanza.
2. O negociado de Servizos básicos, mercados e transportes, emitirá o informe que xustifique a concesión ou denegación da licenza ou autorización correspondente e procederá á notificación da resolución ao interesado  
No caso de que a resolución sexa denegatoria procederá a devolución do ingreso efectuado.

Artigo 9º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de dous mil sete. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.